

ANÁLISE ESPACIAL DA PEGADA HUMANA NOS SEDIMENTOS DO RÍO TEA

Miguel Ángel Álvarez-Vázquez^{1*}

¹ Área de Xeografía Física, Grupo GEAT, Departamento de Historia, Arte e Xeografía, Universidade de Vigo, Ourense, España

*Email de contacto: mianalva@uvigo.gal

RESUMO

O río Tea é un dos principais afluentes do Miño no seu último tramo (Baixo Miño). A meirande parte do seu curso representa un río sobre rocha que non sofre unha presión humana significativa, o que o fai especialmente axeitado para ensaiar técnicas orientadas á detección de sinais de alteración antropoxénica dende un enfoque metodolóxico e ambiental. Con este obxectivo, este traballo presenta a análise de cinco indicadores habitualmente asociados ás actividades humanas (As, Cu, Ni, Pb e Zn) nos sedimentos do Tea, dende preto do seu nacemento na Serra do Suído ata a súa desembocadura no Miño. A parte metodolóxica baséase na aplicación da fluorescencia de raios X (XRF). A fracción total dos sedimentos foi analizada directamente con un tratamento mínimo (unicamente o secado ata peso constante) e medida a través da bolsa de almacenamento (tipo zip) no Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX) da Universidade de Vigo. Cada mostra foi analizada en tres réplicas (48 s por réplica), e para validar o método e establecer un calibrado externo empregáronse sete materiais de referencia certificados. O procesado dos datos obtidos indica que, en xeral, non se rexistraron contidos especialmente elevadas dos analitos, a metodoloxía permitiu identificar anomalías espaciais compatibles con achegas de orixe humana, localizadas principalmente nas contornas das vilas asentadas nas ribeiras do Tea. Os resultados amosan unha dispersión elevada, propia dunha análise de carácter semicuantitativo, pero poñen de manifesto o potencial da XRF como ferramenta rápida, sinxela e efectiva para o estudo da calidade ambiental fluvial e a detección de sinais de impacto antrópico en rexistros sedimentarios.

Palavras-chave: fluorescencia de raios X; elementos traza; sedimentos fluviais; impacto antrópico.

Agradecimentos: Este traballo foi financiado pola Xunta de Galicia a través de unha axuda para a liña de investigación propia titulada “Interaccións Sociedade-Medio Ambiente en Rexistros Estratigráficos e Sedimentarios (Proxecto Sere[SS])”, referencia ED481D 2023/006; da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O autor tamén quere expresar o seu agradecemento a José Fidel Álvarez Vargas (CINTECX-UVigo) pola súa asistencia no proceso analítico.